

Bases reguladoras para a concesión de axudas a deportistas da provincia de Pontevedra no ámbito do programa “Olímpicos e paralímpicos París 2024”

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos o impulso e fomento do deporte na provincia a través de distintas liñas de apoio tanto a clubs coma a deportistas.

A visión de futuro da Deputación de Pontevedra é o compromiso por seguir sendo “a provincia do deporte”. Por iso, busca ofrecerlles ás e aos nosos deportistas as ferramentas e os recursos necesarios para alcanzar as súas metas e contribuír ao desenvolvemento deportivo e social da comunidade.

A provincia de Pontevedra destacou en anteriores edicións de competicións olímpicas e paralímpicas, nas que se acadaron resultados notables que reflicten o talento e a dedicación das e dos seus deportistas. Estes logros consolidan a provincia como un referente no ámbito deportivo e motivánnos a seguir apoiando e fomentando o deporte en todas as súas disciplinas.

Deste xeito, ademais do mencionado apoio a clubs e deportistas, tamén ofrece outra liña de apoio para realizar patrocinios, outorgar bolsas e conceder axudas.

Nesta liña, este ano olímpico, no que máis da metade das e dos deportistas galegos que estarán en París 2024 son da provincia de Pontevedra, a Deputación convoca unha liña específica de axudas destinadas a apoiar a deportistas da provincia que formen parte do equipo español nos citados xogos olímpicos e paralímpicos, durante o ano 2024, como apoio á constancia, ao esforzo e ao sacrificio que esixe o adestramento e a dedicación dunha disciplina olímpica.

Desde o punto de vista competencial, de acordo co artigo 11 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, o deporte de alto nivel considérase de interese para o Estado pola súa función representativa de España nas probas ou competicións deportivas oficiais de carácter



internacional. Esta función amplifícase e queda patente en competicións coma os xogos olímpicos e paralímpicos.

Na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, recóllese entre os seus principios xerais a promoción do deporte de competición e de alto nivel. Así mesmo, no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, contéplase que o alto nivel deportivo, con altas cotas de existencia non só no ámbito deportivo, senón tamén no familiar, formativo, laboral ou social, precisa de respostas por parte dos poderes públicos para facilitarlles ás e aos deportistas medidas que permitan compatibilizar a súa preparación e práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos seus planos vitais.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra convoca as axudas do programa “Olímpicos e paralímpicos París 2024”, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto



Estas bases teñen por obxecto aprobar o programa de axudas “Olímpicos e paralímpicos París 2024”, a través do cal se concederán axudas destinadas a apoiar as e os deportistas da provincia de Pontevedra que participen nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.

Segunda. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas as e os deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que acrediten competir en representación de España nos Xogos Olímpicos ou Paralímpicos de París 2024 coma deportistas, deportistas de apoio ou guías de deportistas paralímpicas ou paralímpicos.
- b) Que nacesen na provincia de Pontevedra ou leven polo menos desde o 1 de xaneiro de 2023 empadroadas ou empadroados na provincia.
- c) Que non estean cumprindo ningunha sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias as e os solicitantes nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Terceira. Financiamento das axudas

A concesión destas subvencións está suxeita á dispoñibilidade orzamentaria. A contía máxima destinada ás axudas é de cento vinte e cinco mil (125.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/340.3410.481.02 do vixente Orzamento provincial.

Cuarta. Axudas

As axudas terán un importe individualizado de seis mil (6.000,00) euros pola participación e representación da provincia nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024. En caso de quedar crédito dispoñible, poderase incrementar a cantidade das axudas de forma proporcional ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros. En caso de que o crédito fose



insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas, producirase un rateo proporcional entre todos os importes ata cubrir o crédito dispoñible.

Quinta. Alcance

Terá a consideración de DEPO_OLÍMPICO quen obtivese a clasificación para os Xogos Olímpicos ou Paralímpicos de París 2024 e participe neles de maneira oficial.

As axudas teñen como alcance o apoio á participación das e dos deportistas da provincia de Pontevedra nos citados xogos e premian a representación da provincia coa selección nacional nas diferentes modalidades dos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.

Sexta. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das bolsas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva; en ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

Sétima. Compatibilidade e incompatibilidade

Estas axudas serán compatibles coas axudas a deportistas de alto nivel (DEPO_DAN) e (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra e con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2024 procedentes de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais ou da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

Oitava. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán entregarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa



reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e permanecerá aberto ata o 30 de setembro deste ano.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da persoa solicitante.
- Certificado de nacemento da persoa solicitante.
- Certificado de residencia da persoa solicitante.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación



As persoas solicitantes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado federativo da súa participación nos Xogos Olímpicos ou Paralímpicos de París 2024.

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica achegada.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicaráselle que, se non o fai, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou



presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e solicitar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou <https://dehu.redsara.es>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra notificaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes e comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.



- Informe-proposta do xefe de servizo no que se relacionen as solicitudes e se sinale a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.
- Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra; establecerase un período de dez (10) días hábiles desde o mesmo día da súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á axuda proposta.
- Proposta de resolución definitiva. Examinadas as alegacións e as posibles renuncias, no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva, que incluírá a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para quen se propón a concesión da axuda e a contía desta. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.
- Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.

Décimo quinta. Resolución do procedemento

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento; excepcionalmente, estas poderán concederse de forma individual ou grupal.

A resolución, que lle pon fin ao procedemento, publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.



Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo sexta. Obrigas das e dos deportistas

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas na LSG; en particular, durante este exercicio e o seguinte deberán:

- Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases.
- Comunicar a solicitude e, de ser o caso, a obtención doutras axudas para este mesmo concepto.
- Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das axudas.
- Participar ou colaborar nas actividades de difusión co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Deputación de Pontevedra.
- Asistir, salvo causa xustificada, ao acto formal de entrega da axuda ou a calquera outro acto de agradecemento que organice a Deputación de Pontevedra.
- Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información se lles requira no exercicio das actuacións correspondentes.



Décimo sétima. Pagamento e xustificación

Unha vez notificadas as axudas concedidas, aboaránselles as bolsas ás e aos deportistas.

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude.

Para cobrar a subvención as e os deportistas deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación.

Á hora de concederlles as axudas ás e aos deportistas, deberanse ter en conta as retencións de IRPF, se as houberse.

Décimo oitava. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido na normativa de transparencia e bo goberno e co artigo 15 da LSG, a Deputación de Pontevedra publicará na súa páxina web a relación oficial de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Décimo novena. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.
- Por incumplir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento



por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

